

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FRADES

*Aprobación definitiva dos orzamentos do exercicio 2019*

### Aprobación definitiva dos orzamentos do exercicio 2019

Aprobado inicialmente o orzamento xeral xunto coa plantilla de persoal e anexos para o exercicio económico de 2019, en sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de abril de 2019, e sometido o expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, en virtude do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 90, de data 14 de maio de 2019, sen se ter presentado alegación ningunha considérase definitivamente aprobado de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Aos efectos da súa entrada en vigor, ao abeiro do artigo 169.3 do RDL 2/2004, faise público o seu resumo por capítulos, así como a plantilla de persoal:

ESTADO DE GASTOS		
Cap. 1	Gastos de persoal	457.778,85
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	977.285,44
Cap. 3	Gastos financeiros	1.500,00
Cap. 4	Transferencias correntes	159.455,00
Cap. 6	Inversións reais	732.104,65
Cap. 7	Transferencias de capital	7.500,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		2.335.623,94

ESTADO DE INGRESOS		
Cap. 1	Impostos directos	393.611,57
Cap. 2	Impostos indirectos	55.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	246.475,84
Cap. 4	Transferencias correntes	1.063.677,84
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Alleamento de inversións reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	576.358,69
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		2.335.623,94
SUPERÁVIT		0,00

**CADRO DE PERSOAL 2019****A) PERSOAL FUNCIONARIO:**

**Escala.–Denominación.–Grupo.–Nivel C.D.–N.º prazas.–Vacantes.**

Hab. Nac.–Secretaría-Intervención-Tesourería.–A1/26.–1.–1 Cobertura nomeamento provisional.

Admón. Xeral.–Alguacil-Porteiro.–E.–14.–1.–0.

**B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

**Prazas.–Denominación.–Xornada**

1.–Animador deportivo.–Completa.

1.–Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.–Completa.

1.–Conductor de tractor.–Completa.

1.–Arquitecto.–Completa

1.–Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.–Completa

\*NOTA.–Non se inclúen os traballadores/as dos plans de emprego nin os traballadores/as en réxime de contratación temporal por períodos inferiores a un ano.

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que, de conformidade co establecido no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende a publicación deste anuncio.

Frades, 7 de xuño de 2019.

O alcalde-presidente

Roberto Rey Martínez

2019/4677